

Instrucción III/2003 do Xerente da Universidade de Santiago de Compostela pola que se regula a dotación de vestiario profesional ó persoal laboral

O artigo 69 do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente ós traballadores as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez informado o Comité Intercentros do Persoal Laboral, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución rectoral do 1 de febreiro de 2000, dispón:

- 1) A solicitude de prendas de traballo correspondentes ó ano 2003 cubrirase e presentarse persoalmente, no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (Servicios Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).
- 2) O prazo de solicitude será dende o 21 de abril ó 16 de maio do presente ano en horario de 9 a 12.
- 3) Ó traballador se lle entregará un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.
- 4) Os traballadores destinados en Santiago, deberán acudir co resgardo á Empresa Concesionaria: VESLA, S.L., Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado. Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.
- 5) Única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas, o traballador entregalle o resgardo asinado á Empresa Concesionaria. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.
- 6) A Empresa Concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrucción estarase ó disposto no xa mencionado artigo 69 do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2003
O XERENTE,
José Vázquez Portomeñe